

DEBATE

Modera:

Vanesa Sotelo; Esther Carrodegua; Cecília Ferreira

Organiza:

Consello da Cultura Galega

Instituto Camões

Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

Escola Superior de Música e Artes do Espetáculo

Sedes | Locais:

Teatro Helena Sá e Costa · Porto

Martes, 30 de novembro de 2021, 19:00 horas

Escola Superior de Arte Dramática de Galicia · Vigo

Xoves, 2 de decembro de 2021, 17:00 horas

Máis información | Mais informação:

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

Teatro Helena Sá e Costa

Rua da Escola Normal, 39

4000-099 Porto

www.thsc.pt

Escola Superior de Música e Artes do Espetáculo

Rua da Alegria, 503

4000-045 Porto




www.esmae.ipp.pt

Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

Poza Cabalo, s/n

36212 Vigo (Pontevedra)

www.esadgalicia.com



DRAMATURGIAS ITINERANTES

2023

SUPERNORMAIS de Esther Carrodegua DIONÍSIA de Cecília Ferreira

ESCOLA SUPERIOR DE ARTE DRAMÁTICA DE GALICIA

18 de xaneiro, 17h30

TEATRO HELENA SÁ E COSTA

19 de janeiro, 18h00

Un ano máis, e xa van catro desde 2019, presentamos o programa Dramaturxias itinerantes/ Dramaturgias itinerantes, froito da colaboración institucional entre o Consello da Cultura Galega, o Instituto Camões – Centro Cultural Português de Vigo e a Escola Superior de Arte Dramática (ESAD) de Galicia. Desde 2021 contamos tamén coa complicidade e o entusiasmo da Escola Superior de Música e Artes do Espetáculo (ESMAE) de Porto, que xa consideramos un parceiro máis nesta segunda colaboración súa.

Dramaturxias itinerantes/ Dramaturgias itinerantes ten como obxectivo o encontro entre creadoras escénicas de Galicia e Portugal para promover un maior e máis profundo coñecemento da escrita teatral máis contemporánea dos dous lados da raia. O proxecto pono foco na dramaturxia de autoría feminina, coa vontade de rescatala da invisibilidade e de poñer en valor todo o seu potencial renovador. Ademais, o proxecto apóiase e conta para a súa produción coas novas xeracións de profesionais das artes escénicas que se están a formar nas nosas escolas, nas cidades de Porto e Vigo.

O ciclo segue a sumar edicións e encontros escénicos nos que acreación e a escrita dramática contemporánea exercen o seu papel protagonista. Nesta ocasión imos engadir á nosa xa importante listade mulleres dramaturgas galegas e portuguesas a Esther Carrodegua e a Cecília Ferreira, dúas autoras cunha incuestionábel traxectoria probada e recoñecida polo público. Elas entran a formar parte dunha significativa escolla na que atopamos os potentes nomes de AveLina Pérez e Patrícia Portela, de Ana Carreira e Joana Craveiro, de Clara Gayo e Cláudia Lucas Chéu e de Laura Porto e Rita Pinheiro. Os textos de todas as autoras poden atoparse en edición dixital en www.consellodacultura.gal.

Nesta edición de 2023 despedimos ao profesor da ESAD de Galicia Afonso Becerra, como «mestre de cerimonias» e brillante acompañante das dramaturgas, nunha serie de conversas que nos fixeron comprender a dimensión da obra das autoras que nos acompañaron, e damos a benvida á tamén profesora da ESAD de Galicia Vanesa Sotelo, que será a encargada de guiar o encontro, no que coñeceremos máis profundamente as dúas autoras.

SUPERNORMAIS · Esther Carrodegas

Intérpretes: Eva Jáudenes López, Daniel Lago Barreiro, Rocío López Souto, Álvaro Lourido Iglesias, Ángel Rodríguez Blanco e Nuria Varela Cascallar
Dirección: Nuria Montero Gullón, Área de Voz da ESAD de Galicia – Colaboran na dirección: Susana Lorenzo e Susana Villaverde, alumnas de Dirección e Dramaturxia
Producción: ESAD de Galicia
Duración: 15 minutos – Web: <http://teatrovestido.org/blog/>

Breve sinopse da obra:

Supernormais é un xogo cómico que nos enfrenta aos nosos propios prexuízos arredor do colectivo de persoas con diversidade funcional, xerados dentro dunha sociedade neoliberal e patriarcal pero sobre todo 100 % capacitista na que os corpos, as realidades, as necesidades e as vidas das persoas que non poden producir ao ritmo que vén imposto non teñen máis remedio que ver como lles pasan por diante case todas. Polo camiño, á maioría destas persoas negóuselles práctica e historicamente a vivencia dunha sexualidade propia e natural e moitas veces foron desprazadas do seu [propio] DESEXO. É xustamente desde este punto desde o cal a peza reflexiona sobre o anterior, incluíndo a propia reflexión sobre a creación con persoas diversas e sobre a dificultade de eliminar as barreiras existentes mediante a entrada, comprensión ou gozo da propia obra teatral que está vendo [ou non!].

Esther Carrodegas (Rianxo, 1979)

Actriz, directora, perfomer, pero sobre todo: escritora. Rianxeira de pura cepa, asenta o seu currículo vital entre as letras, o audiovisual e o teatro. O seu estilo cabalga entre os lindes que separan os xéneros. Graduada en Dirección e Dramaturxia pola ESAD de Galicia e licenciada en Xornalismo entre Santiago de Compostela e Turín, os seus proxectos teatrais beben moito da súa faceta xornalística. Fundadora da compañía universitaria Teatro da Falúa e directora de Teatro Airiños de 2011 a 2019, no ano 2015 gaña o Premio Abrente para Textos Teatrais da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia con Voaxa e Carmín, momento en que decide crear a plataforma ButacaZero xunto a Xavier Castiñeira. A partir de entón estrea desde ButacaZero as súas pezas Na butaca [fantasía nº 3 en Dor Maior], #camiños (en coprodución co Centro Dramático Galego) e 32m2, unha recente reflexión de Carrodegas/Castiñeira sobre o confinamento. Para a compañía De Ste Xeito escribe una triloxía sobre o amor: Loló e Mamá, Running e Feminissimas. En 2018 entra a formar parte do grupo de creación DramaturXA do Centro Dramático Galego. Neste contexto nace a peza Fantasía nº 5 en Sol ou Non, que estrea o Centro Dramático Galego con dirección de Gena Bahamonde. Membro do consello de redacción da Revista Galega de Teatro e organizadora xunto a Santiago Cortegoso do Torneo Galego de Dramaturxia, en 2020 recibe o Premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques por República Sideral. Ese mesmo ano Outubro Producciones e o Teatro Español deciden levar a escena Voaxa e Carmín en castelán, baixo o título Las dos en punto e con dirección de Natalia Menéndez. Tamén en 2020 foi seleccionada na I Residencia Dramática do Centro Dramático Nacional (CDN), onde escribe Supernormais, estreada en castelán en 2022 polo propio CDN con dirección de Iñaki Rikarte. Este mesmo ano dirixe xunto a Xavier Castiñeira a ópera Papagena para a súa propia compañía, coa que xira por toda Galicia; como actriz, e sempre para ButacaZero, leva ao palco a súa peza O único que verdadeiramente quixen toda a vida é ser delgada, estreada no Teatro del Barrio (Madrid) baixo a dirección de Castiñeira. Na actualidade compaxina a súa faceta de empresaria e dramaturga coa de directora teatral, actriz, docente e guionista de cinema.

DIONÍSIA · Cecília Ferreira

Intérpretes: Gonçalo Lopes, Helena Magalhães, Margarida Carvalho, Matilde Gandra, Nuno Tudela, Pedro Fiúza, Pedro Nunes e Sara Vicente
Direção: Cecília Ferreira e Cláudia Marisa
Duração: 20 min

Breve sinopse da obra:

A loucura mora rente à sanidade. Lado a lado, frente a frente: olham-se, tocam-se, entretecem-se, mas quanto baste, para que não haja misturas indesejadas. Habitam um espaço comum que nunca para, que nuncase repete, que nunca se cansa da mudança. Nesta roda-viva do mundo, as pessoas sentem, agitam-se, magoam-se, adoecem, desiludem-se, zangam-se, fragilizam-se. Ninguém está permanentemente bem. São fugazes as felicidades. Estivéssemos nós sempre atentos, alerta. Mas não! Como um vírus que surpreende o sistema imunitário débil, a loucura avança sobre nós sem dó nem piedade. Ganha terreno. Contamina. Não precisa de fazer muito. Só tem de nos encaminhar suavemente e com simpatia para o lado errado. Não temos firmeza para lhe resistir. E então ela domina. Vence. Treslouca-nos.

Cecília Ferreira (Marco de Canavezes)

Licenciada em Línguas e Literaturas Modernas (1994–1999, FLUP), e em Interpretação (2007–2010, ESMAE), mestre em Literatura Românicas Modernas e Contemporâneas (2000–2003, FLUP) e pós-graduada em Dramaturgia e Argumento (2018/2019, ESMAE). Desenvolve um trabalho assíduo na área da Dramaturgia, destacando-se o Grande Prémio de Teatro Português (S.P.A. / Teatro Aberto), que recebeu em 2013 pela peça A Acompanhante, publicado em livro pela INCM em parceria com a SPA, traduzida para alemão, editora Alexander Verlag Berlin, por Henry Thorau, na antologia Einstürzende Altbauten: Die Begleiterin (2021) e para francês, numa edição bilingue La Compagne/A Acompanhante, por Célia Méguellatti, em 2022. Foi um dos quatro dramaturgos escolhidos para frequentar o Laboratório de Escrita para Teatro (2ª edição), no TNDMII, coordenado por Rui Pina Coelho (2016/2017), onde construiu o texto Mãos ao alto: ensaios para entrar no paraíso. É membro ativo do Colectivo Iberoamericano de Criadores Escénicos (desde 2020) e do coletivo português CeDA – Centro de Dramaturgia e Argumento (desde 2019). Para teatro escreveu ainda: Prolegómenos para Bremen, 2021 (Edição Húmus | Teatro Nova Europa); Planeta Vinil, 2020 (Teatro da Rainha); Amour de mIRC, 2019 (MSBV – leituras encenadas, 2021); Vamos cantar com os grilos, 2018 (T. Reactor, 2020); Não sei o que o amanhã trará, 2015 (Limite Zero); Ópera Fernália, 2015 (Comédias do Minho e Teatro a Quatro); Rua da Alegria – concerto para duas atrizes e dois músicos, 2012 (Teatro a Quatro); O Submarino, 2011 (Teatro Bandido); Corta!, 2010 (Teatro a Quatro). Escreve regularmente textos de teatro para bebés e crianças em idade pré-escolar. Adaptou O Cavaleiro da Dinamarca, de Sophia M. B. Andresen (Propositário Azul, 2012), Rei Lear, de W. Shakespeare (Comédias do Minho, P. S. – produções suplementares e Teatro a Quatro – 2013) e deu apoio à escrita e à tradução de Lisistrata (P. S. e Teatro a Quatro – 2013). É um dos membros fundadores da Companhia Teatro a Quatro, onde tem exercido funções de atriz, encenadora e dramaturga. É membro fundador (2007) e vice-presidente da Artãmega, onde é encenadora da Companhia dos Bugalhos – Teatro Infante-juvenil. É professora de Teatro.